




QUÉ SON OS RISCOS PSICOSOCIAIS

A Organización Internacional do Traballo – OIT, define os riscos psicosociais como as “interaccións entre as condicións de traballo e as capacidades, necesidades e expectativas dos traballadores que están influenciadas polos costumes, cultura e condicións persoais fora do traballo”.

BOAS PRÁCTICAS COMO MEDIDA PREVENTIVA BOAS PRÁCTICAS

- **Identificar os colectivos** de risco máis expostos e coñecer o seu perfil.
- Utilizar **instrumentos específicos de avaliación** dos factores de risco psicosocial.
- **Racionalizar o tempo de traballo**, establecendo pausas e descansos axeitados.
- **Fomentar a participación** da tripulación sobre ritmos e horarios de traballo.
- Manter una **política informativa** xeral axeitada.
- **Mellorar a relación** entre os compoñentes do grupo, incrementando a cultura de prevención das tripulacións e convertendo o buque nun espazo de comunicación e consenso.
- Ofrecer **unha retribución axeitada**, que se corresponda co traballo realizado.
- **Favorecer as comunicacións con terra** minimizando a sensación de illamento.



Non se pode dividir os riscos laborais en compartimentos estancos: seguridade, hixiene, ergonomía ou psicosocioloxía, xa que existe interrelación entre todos eles.

A exposición a factores de risco psicosocial, xunto con outras situacións de risco como as condicións ambientais (iluminación, temperatura, ruído, etc.) e as condicións de seguridade, poden afectar directamente á habilidade e destreza da tripulación para realizar as tarefas a bordo, provocando, nalgúns casos, erros humanos e accidentes, influíndo directamente na siniestralidade laboral do sector pesqueiro.



PRINCIPAIS RISCOS PSICOSOCIAIS NA PESCA

Relacionados co contexto de traballo:

- Cultura da organización.
- Control de xestión de mandos.
- Papel ou rol na organización: recoñecemento, utilidade, sentido do traballo, etc.
- Relacións interpersoais: distancia dos seres queridos, sensación de illamento, relacións entre a tripulación, etc.

CONSECUENCIAS DUNHA BOA XESTIÓN DOS RISCOS PSICOSOCIAIS

A pesar das dificultades para abordar a prevención de riscos psicosociais, todas as actividades que van dirixidas a actuar sobre as condicións de traballo no ámbito psicosocial teñen consecuencias positivas, tanto para os traballadores, como para as empresas armadoras.



Relacionados co contido de traballo:

- **Equipos de traballo e exposición aos axentes físicos, químicos e/ou biolóxicos:** ruído, temperatura, ventilación, iluminación, etc.
- **Concepción das tarefas no posto de traballo:** falta de motivación, traballo monótono e repetitivo, falta de participación, etc.
- **Carga e ritmo de traballo:** xornadas prolongadas, ritmo elevado, etc.
- **Programación do traballo.**

VANTAXES*

Vantaxes

- **Para a tripulación:** mellora da calidade e satisfacción laboral.
- **Para a empresa armadora:** redúcense os accidentes de traballo, as baixas por enfermidades e mellora a produtividade.